



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EGAP E CUALTIS, S.L.U., PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN.

(1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

Primeiro. A Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP) - pertencente á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza- é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos seus obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

Segundo. Que CUALTIS, S.L.U. é un servizo de prevención alleo acreditado con número de acreditación nacional CM 8/98, con contrato coa Administración Xeral da Xunta de Galicia que ten entre as súas funcións a formación a traballadores e empresarios en materia de Prevención de Riscos Laborais.

(2) Obxecto

O convenio ten por obxecto a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e de organización de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

(3) Finalidade

O instrumento convencional que se asina ten por obxecto a realización das seguintes actuacións:

- A) A realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.
- B) A edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprométese a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á Biblioteca da outra, para a súa difusión.
- C) A promoción da actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.
- D) Cantas outras actividades sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto do convenio.





(4) Impacto económico

A sinatura do convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos do orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galicia para o ano 2018.

(5) Carácter non contractual

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

(6) Vixencia

Para os efectos sinalados, formalizarase con CUALTIS, S.L.U. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por tódalas partes ata o 31 de decembro do 2018, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta norma para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

En Santiago de Compostela, a 12 de marzo do 2018
O secretario xeral da EGAP,

Asdo. Sergio Domingo Baamonde Boquete

